

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

San Cornello da Vilalén, avogoso da chuvia



Cando na Vilalén, parroquia de Tomonde, concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), pasaba moito tempo sen chover e a terra e os cultivos estaban sedentos, era usanza entre os veciños organizaren unha rogativa que, arrincando na capeliña dedicada aos

santos Cornelio e Cipriano (coñecidos no lugar como Cornello e Cibrao) ubicada no cume do cercano castro, se achegase á representación pétrea do San Cornello que, dende tempo inmemorial, se acha situada a carón da que foi casa escola e, en chegando alí, coller a separabel pedra ovoide que lle servía de cabeza ao santo e, de paso que se efectuaban as opotunas preces, mergullala na auga da presa que por alí pasa e, de seguida, recolocarlla ben molladiña de novo ao santo no seu sitio.

E o portento sucedía: disque a chuvia non tardaba en regar campos e cultivos do lugar.

[Remitido por Aurelio (A Coruña). Xaneiro de 2026]